



ANUNCIO PARA A SÚA PUBLICACIÓN

ACADEMIA DE ENFERMARÍA DE GALICIA.

RESOLUCIÓN 1/2023

RESOLUCIÓN do 2 de outubro de 2023, da Academia de Enfermaría de Galicia, pola que se anuncia a convocatoria de vacantes de Académicos de número e correspondentes da Corporación.

A Xunta de Goberno da Academia de Enfermaría de Galicia, en uso das facultades que ten atribuídas na disposición transitoria segunda dos seus Estatutos (DOG n.º 199, do 17 de outubro de 2013), na súa reunión do día 19 de xullo de 2023, acordou anunciar, co fin de cumprir as previsións estatutarias contidas no apartado 4º da devandita disposición, a preceptiva convocatoria de sete vacantes de Académicos de número e dezaioito vacantes de Académicos correspondentes, con suxeición ás seguintes:

BASES DE CONVOCATORIA

1. Requisitos.

1.1. Poderán concorrer á convocatoria todos os profesionais da Enfermaría que reúnan os requisitos esixidos no Capítulo terceiro do Título III dos Estatutos da Academia.

1.2. Académicos de número.

Son requisitos específicos desta clase:

- a) Posuír obrigatoriamente, cunha antigüidade de polo menos quince anos, o título de diplomado en Enfermaría ou graduado en Enfermaría e estar en posesión do título doutor.
- b) Contar co aval de tres Académicos de número.

1.3. Académicos correspondentes.

Requisitos específicos:

a) Posuír o título de diplomado en Enfermaría ou graduado en Enfermaría, máster ou doutor, en todo caso Enfermeira/o. Para os correspondentes comunitarios europeos ou estranxeiros, as esixencias de titulación adaptaranse ás equivalencias legalmente esixidas.

b) Contar co aval de tres dos académicos de número.



Méritos:

Serán méritos preferentes a calidade de doutor ou de membro dunha sociedade científica de Enfermaría.

1.4. Todos os requisitos e méritos enumerados nos apartados anteriores deberán posuírse polos candidatos no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse en posesión destes ata a súa investidura como académicos.

2. Solicitudes.

2.1. Os que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán solicitalo por medio dunha instancia dirixida ao Presidente da Academia de Enfermaría de Galicia, no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte á publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

2.2. Á instancia deberán acompañar:

- a) Fotocopia do DNI, NIF ou Pasaporte.
- b) Fotocopia do título de doutor.
- c) Aval de tres Académicos de Número.
- d) Relación de méritos que desexan alegar.

2.3. A presentación de solicitudes farase na sede da Academia, Avenida da Coruña nº104, entreplanta B. cp 27003, LUGO, ben presencialmente, por carta certificada, ben por correo electrónico a dirección de correo electrónico: secretaria@academiaenfermariagalicia.org ou por calquera outro medio admitido en Dereito que permita ter constancia fiel da súa recepción.

2.4. Os erros de feito que puidesen advertirse poderán emendarse, en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada ata 10 días hábiles posteriores á finalización do prazo de presentación de candidaturas.

2.5 A Xunta de Goberno resérvase o dereito de verificar a veracidade dos méritos alegados polos candidatos nesta convocatoria. Os candidatos poderán ser requiridos en calquera momento para proporcionar certificados ou documentación adicional que apoie as súas declaracións sobre os méritos alegados. A falta de resposta a este requirimento dentro do prazo establecido pola Xunta de Goberno pode resultar na descualificación do candidato do proceso de selección

Admisión de persoas aspirantes.

3.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o Presidente da Academia de Enfermaría de Galicia ditará, no prazo máximo de seis meses, resolución que se publicará **na páxina web da Academia de Enfermaría** e na que se declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e, no seu caso, excluídas, con mención expresa neste caso do motivo que produce a exclusión.



3.2. A resolución a que se refire a base anterior establecerá un prazo de dez días hábiles para a emenda de erros ou para a formulación, se é o caso, de reclamacións contra a lista provisional, que deberán ser resoltas pola Xunta de Goberno no prazo de cinco días hábiles dende a conclusión do prazo anterior.

4. Votación de candidatos

4.1. A Xunta plenaria elixirá mediante sufraxio aos académicos de número e correspondentes de entre as candidaturas presentadas.

4.2. Académicos de número

O candidato que ao fin resulte elixido será proclamado, no mesmo acto, Académico de Número electo. Deberá entón aceptar o seu nomeamento no prazo de quince días, mediante escrito dirixido ao Presidente da Academia.

4.3. Académicos correspondentes.

O candidato que ao fin resulte elixido será proclamado, no mesmo acto, Académico correspondente.

Lugo, 2 de outubro de 2023

Visto e Prace
O Presidente.
Isidoro Rodríguez Pérez.

O Secretario.
Ángel Alfredo Martínez Ques.